

Agora falamos de cogomelos: cal foi a miña sorpresa cando un día, limpando no estaleiro, vexo uns cravos “galvanizados” no chan, agacheime para apañalos e, ao ladiño mesmo, saíndo da area que hai no estaleiro, atópome cun cogomelo de fermosas cores no sombreiro: era dunha cor verde-olivácea e coa superficie viscosa, o pé tamén amarelo-xofre e non branco como é o habitual. O seu hábitat non é na area senón en solos ben estercados e sobre materia orgánica en descomposición, montes, prados, etc. Trátase dun *Bolbitius vitellinus* var. *Astillerus* (isto último é unha catalogación creada para a ocasión), e non é un cogomelo comestible. Aí tedes unhas fotos onde podeades ver o hábitat do *Bolbitius vitellinus* que se diferencia por ter o sombreiro amarelo-ovo e o pé branco.

Outro día, despois de darlle unha man de aceite ao bote polbeiro, mentres estaba lavando as brochas, atópome outra vez cun grupiño de cogomelos medrando nun montón de serrín; tiñan as láminas rosadas, o pé sen anel e saían varios pés do mesmo bulbo, pero aínda non fun quen de identificalos. Na foto podeades miralos a carón do muro de bloques que dá á estrada, medrando no monte de serrín con area e terra.

Pasan os días, vén unha semana de choiva e outro cogomelo no estaleiro, esta vez do xénero *Lepiota*, tamén medraba directamente da area. Tiña o sombreiro agretado con escamiñas concéntricas típico do xénero *Lepiota*. Ao pé tiña anel e a base bulbosa (podeades velo na foto coa dorna ao fondo).

Noutra das visitas ao estaleiro atópome con Víctor e dime: “¿Miraches debaixo do carro da serra de cinta?”. Efectivamente, outro grupo de cogomelos medraba xusto embaixo dos raís do carro da serra; apenas se podían ver: eran cogomelos neste caso de grande tamaño, pois tratábase de *Pluteus cervinus*, e son moi frecuentes nos montes do Morrazo. O seu sombreiro é dunha cor pardo-roxiza; o pé é macizo e separable do sombreiro, as láminas son dunha cor rosada e o seu hábitat máis normal atópase sobre os tocóns das árbores planifolias e coníferas, pero tamén o podemos atopar no serrín. Trátase dun cogomelo comestible mediocre.

Pois xa vedes, no estaleiro de Purro non só hai serróns, garlopas, cepillos, áncoras lípticas, poutadas, redes, madeira ou embarcacións, senón que tamén temos cogomelos.

¿Será este un indicio de que unha nova vida se xesta?

